

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego.*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración autonómica que ten atribuídas as competencias en materia de patrimonio cultural. Dentro destas competencias correspóndenlle as actuacións en materia de patrimonio moble, museos e coleccións visitables. Son as súas funcións a protección, inventario, restauración e difusión do patrimonio cultural, así como o coidado, dotación, instalación e promoción de museos.

Para impulsar a formación do futuro persoal técnico en materia de museos e posibilitar a dita aprendizaxe, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca bolsas de formación que contribúan, na medida das posibilidades orzamentarias, a ampliar esta formación.

A finalidade das bolsas é proporcionar unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúa a completar o currículo académico, polo que é preciso poñer un límite no desfrute das bolsas e tratar de ofrecelas ao maior número de persoas posible, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade.

Para estes efectos, é necesario establecer as bases reguladoras da concesión destas bolsas, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as normas de desenvolvemento.

Por todo isto,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Por medio da presente orde establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria do programa 2014 de bolsas de formación en materia de patrimonio moble en museos do Sistema galego de museos e museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



2. Os/as bolseiros/as realizarán a súa actividade en diversos museos, tanto do Sistema galego de museos como museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Serán tutelados, dirixidos e coordinados polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

3. As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

4. A formación comprende unha parte teórica e unha parte práctica que será impartida por persoal técnico da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

#### Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios destas bolsas os solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

1. a) Solicitantes de bolsas de documentación de fondos de patrimonio moble:

– Licenciatura universitaria ou equivalente, segundo o espazo europeo de educación superior, con formación académica nalgunha das materias que se relacionan a continuación:

- Historia.
- Historia da Arte.
- Arqueoloxía.

b) Solicitantes de bolsas de restauración de fondos de museos e coleccións visitables de Galicia:

– Diplomatura universitaria en Conservación e Restauración de Bens Culturais ou equivalente, nas especialidades de:

- Arqueoloxía.
- Pintura ou Escultura.



2. Acreditar dominio da lingua galega a nivel iniciación mediante título oficial.

3. Non desfrutar con anterioridade á publicación da respectiva convocatoria de bolsas dun período de tempo igual ou superior a vinte e catro meses (24) en bolsas das convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para inventario, catalogación e restauración de fondos de patrimonio moble.

4. Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda.

5. Non ter sido sancionado por infracción cometida por razón de bolsas concedidas para a formación en materia de patrimonio moble galego.

6. Cada solicitante só poderá presentar unha solicitude para unha bolsa como máximo.

### Artigo 3. *Número, duración e importe das bolsas*

1. O número de prazas convocadas será de oito (8), que se adxudicarán de acordo co baremo indicado no artigo 5 desta convocatoria. Das oito prazas convocadas farase unha reserva de dúas (2) prazas destinadas exclusivamente á licenciados/as universitarios nas materias de Historia da Arte e Historia cun mínimo, para os/as licenciados/as en Historia, de 100 créditos nas materias de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga que rematasen a súa licenciatura no ano 2008 ou posteriores. Para poder participar nesta reserva de praza será requisito imprescindible acompañar a solicitude da correspondente acreditación dos coñecementos prácticos cunha duración mínima de cen horas (100) horas no manexo da base de datos DOMUS. Estas prazas adxudicaranse de acordo co baremo indicado no artigo 5 desta convocatoria.

2. As bolsas terán carácter anual, cunha duración de seis (6) meses, contados a partir da data de incorporación que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de acordo co centro de destino.

3. O importe de cada bolsa será de seis mil euros (6.000 €).

4. As bolsas convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 09.21.432A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, por un importe total de corenta e oito mil euros (48.000 €).

5. Os/as bolseiros/as seleccionados quedarán asimilados a traballadores por conta allea, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social, nos termos estable-



cidos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará as cotizacións á Seguridade Social por un importe de mil setecentos euros (1.700,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.21.432A.484.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, aplicando as regras de cotización correspondentes aos contratos para a formación e aprendizaxe establecidas na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento. Non existirá obriga de cotizar pola continxencia de desemprego, así como tampouco ao Fondo de Garantía Salarial nin por formación profesional.

6. Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que a eficacia desta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2014.

#### Artigo 4. *Presentación das solicitudes, documentación e prazo*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias



dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Documentación que hai que presentar:

a. Solicitud segundo o modelo que figure como anexo na convocatoria.

b. Copia compulsada do expediente académico coas cualificacións obtidas nas diferentes materias.

c. Copia compulsada da acreditación do curso de iniciación ou equivalente de lingua galega.

d. Copia dos méritos alegados. Só contabilizarán aqueles méritos dos que se proporcione proba documental.

4. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá exixir aos solicitantes a presentación dos orixinais ou copia compulsada dos méritos alegados, que deberán presentarse nun prazo máximo de tres días, contados a partir do momento do seu requirimento.

5. Serán causas de exclusión a demostración da falsidade documental, a non correspondencia cos orixinais e a incorrección na documentación presentada.

6. A presentación das solicitudes comporta a autorización expresa a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados nos termos previstos polo artigo 4.2 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CVE-DOG: 4vrge4t5-5jr1-qhf4-4fu3-h5zy4vqd2g69



Artigo 5. *Criterios de valoración*

Teranse en conta os seguintes criterios para a valoración das solicitudes:

a) Titulación académica:

1) Título universitario: 1 punto.

2) Especialización:

– Cursos de doutoramento relacionados coa especialidade do campo a que se opta: 2,5 puntos.

– Cursos de posgrao, de especialización e másters relacionados coa especialidade do campo a que se opta organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais e cunha duración mínima de 30 créditos: 3 puntos.

b) Expediente:

Expediente académico do/a solicitante, cunha valoración máxima de catro (4) puntos.

c) Formación complementaria:

1) Cursos relacionados coa especialidade do campo a que se opta, organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais:

– Por cursos con acreditación expresa entre 10 e 25 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,80 puntos

– Por cursos con acreditación expresa entre 25 e 40 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

– Por cursos con acreditación expresa de 40 horas ou máis de duración: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,5 puntos.

– Por cursos con acreditación expresa de 60 horas ou máis de duración: 0,50 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

– Por cursos con acreditación expresa de 100 horas ou máis de duración: 0,70 puntos, ata un máximo de 2,80 puntos.



Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2) Congresos, xornadas e seminarios relacionados coa especialidade do campo o que se opta:

– Asistencia a congresos, xornadas e seminarios: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

3) Cursos de informática:

– Por cursos de informática en xeral con acreditación expresa de menos de 40 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto.

– Por cursos de informática en xeral con acreditación expresa de 40 horas ou máis: 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto.

– Por cursos de informática aplicada aos museos: 0,30 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.

4) Cursos de fotografía:

– Por cursos de fotografía en xeral con acreditación expresa de menos de 40 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto.

– Por cursos de fotografía en xeral con acreditación expresa de 40 horas ou máis: 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto.

Os cursos e congresos non específicos que se acrediten, correspondentes aos números 1) e 2), terán que acompañarse do seu correspondente programa.

d) Formación en lingua galega:

– Perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.

Artigo 6. *Instrución e avaliación*

1. A instrución do procedemento de concesión das bolsas correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que revisará as solicitudes recibidas e a documentación ache-



gada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados na documentación exixida, outorgaráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, desde a notificación do requirimento, e indicaráselles que se non o fixesen se terán por desistidos da súa solicitude de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A avaliación das solicitudes efectuaráa unha comisión técnica composta polo/a titular da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, que a presidirá, actuando como vogais dous/dúas técnicos/as do Servizo de Museos. Exercerá as funcións de secretaria/o o/a titular do Servizo de Museos. En caso de ausencia dalgún dos membros, correspóndelle o/a titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural nomear un suplente. A comisión formulará o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

3. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada. A proposta de resolución provisional farase pública nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nos dos seus departamentos territoriais. O prazo de exposición pública será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, durante os cales se poderán facer as alegacións pertinentes.

4. Examinadas as alegacións presentadas, se é o caso, polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, seguindo o procedemento establecido no artigo 33 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 7. *Resolución e recursos*

1. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elevaralle o informe xunto coa proposta de resolución definitiva á/ao titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá sobre a concesión das bolsas.

2. O titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolverá o procedemento de concesión no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución. O prazo máximo para resolver e notificar será de catro meses desde a entrada en vigor da orde de convocatoria. De non se ditar resolución no prazo indicado, as solicitudes entenderanse desestimadas. Non se poderá conceder máis dunha bolsa por solicitante.





3. O contido da resolución que poña fin ao procedemento axustarase ao establecido no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e deberá expresar a relación de solicitantes aos cales se lles conceden as bolsas convocadas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, que serán notificados como adxudicatarios de forma sucesiva cando non se puidese formalizar a aceptación da bolsa ou se produza unha renuncia. Así mesmo, a resolución determinará de forma expresa a desestimación do resto de solicitudes.

4. Esa resolución, así como os actos que se deban notificar de forma conxunta a todos os interesados, e, en particular, os requirimentos de emenda e de trámite de audiencia, publicaranse no taboleiro de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nos dos seus departamentos territoriais, e nos outros medios de comunicación que se sinalen, de ser o caso, substituíndo esta publicación a notificación persoal e producindo os mesmos efectos.

5. A resolución de adxudicación pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da data de notificación desta aos interesados ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados, así mesmo, desde a data de notificación.

#### Artigo 8. *Publicidade*

1. A resolución farase pública, para os efectos de notificación aos interesados, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nos dos seus departamentos territoriais.

Así mesmo, e para os efectos meramente informativos, esta resolución publicarase tamén na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A relación de centros en que se realizarán as actividades publicarase conxuntamente coa resolución de adxudicación das bolsas.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a



autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Ademais, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das bolsas concedidas que superen individualmente os tres mil euros (3.000,00 €).

4. Incluíranse nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, segundo a autorización do solicitante que figura na convocatoria.

#### Artigo 9. *Aceptación das bolsas*

1. Os/as bolseiros/as que resulten adxudicatarios dunha das bolsas convocadas elixirán o seu destino por orde de puntuación.

Non obstante, para aqueles centros que xa contaban con bolseiro/a na convocatoria anterior, terán preferencia os bolseiros que estean destinados neles.

2. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá adxudicar outro destino en función do desenvolvemento da bolsa e das circunstancias que poidan producirse.

3. Dentro dos dez días naturais seguintes á publicación da resolución da concesión nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nos dos seus departamentos territoriais, os beneficiarios das bolsas deberán comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a súa aceptación. De non facelo no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada segundo o establecido no artigo 21.5 Lei de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, de non comparecer no centro de destino no tempo estipulado, o nomeamento quedará sen efecto e será motivo de exclusión na seguinte convocatoria. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural procederá ao chamamento de suplentes para cubrir estas prazas.

5. A aceptación da bolsa supón o compromiso implícito de manter a confidencialidade da información obtida no desenvolvemento das actividades obxecto destas bolsas, de acordo coa normativa aplicable.



6. A incorporación dos bolseiros ao réxime xeral da Seguridade Social, coa conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no dito réxime, producirase a partir da data de inicio e na do cesamento da actividade, nos termos e prazos e cos efectos establecidos no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións e datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.

#### Artigo 10. *Pagamento das bolsas e xustificación*

1. O pagamento das bolsas axustarase á normativa orzamentaria de aplicación. Terá unha periodicidade mensual, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e unha vez que o beneficiario teña presentada a documentación fixada no artigo 11.d) .

2. Aos adxudicatarios das bolsas poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao pagamento da dita bolsa.

3. Así mesmo, os beneficiarios das bolsas están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### Artigo 11. *Obrigas dos bolseiros*

Ademais das obrigas previstas polo artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, os bolseiros seleccionados quedan obrigados a:

a. Incorporarse ao destino adxudicado dentro do prazo que estipule a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. A non incorporación na data sinalada implicará a perda automática dos dereitos inherentes á bolsa concedida.

Non obstante, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá autorizar un aprazamento de ata un máximo de 15 días naturais na incorporación á bolsa, que se concederá á petición expresa do interesado/a e por causas debidamente xustificadas e acreditadas.

b. Asistir aos centros onde resulten destinados de acordo coas directrices que fixen os responsables da execución do programa de formación. O horario será o establecido polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de acordo co centro de destino.



c. Seguir as indicacións técnicas da dirección do museo e dos servizos técnicos coordinadores.

d. Entregar mensualmente aos servizos técnicos coordinadores informe da actividade realizada, e ao finalizar a bolsa, a memoria explicativa correspondente ás actividades desenvolvidas durante o tempo de desfrute da bolsa.

e. Presentar antes do primeiro pagamento unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

f. Así mesmo, antes do primeiro pagamento deberán presentar unha declaración responsable de que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

#### Artigo 12. *Desenvolvemento das bolsas*

1. Poderase autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro ao destino adxudicado, por un prazo máximo de quince días naturais, por petición do interesado, logo do informe favorable da dirección do museo correspondente.

2. O pagamento da dotación económica da bolsa proporcional á duración do período de interrupción procederá só se é recuperado e sempre que sexa posible dentro do exercicio orzamentario e as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

3. A petición dos interesados, ao remate da bolsa a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, logo de informe favorable dos servizos técnicos coordinadores e entrega dos informes e memorias solicitadas, expedirá certificación acreditativa dela.

4. As bolsas non implican relación funcional nin laboral coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nin compromiso que se estenda máis alá do seu ámbito de duración.

5. Para a utilización do material e a información obtidos como resultado das actividades desenvolvidas durante a bolsa, os bolseiros deberán contar coa autorización expresa e previa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do centro onde estiveron destinados.



6. Unha vez rematado o período de desfrute da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano, procederáse á eliminación da documentación non recollida.

#### Artigo 13. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación da resolución de concesión.

#### Artigo 14. *Renuncias, revogación e reintegro de cantidades*

1. A renuncia á bolsa por parte do beneficiario, unha vez iniciado o desfrute desta, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural polo menos con sete días de antelación á data en que solicite que sexa efectiva a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas en exceso, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non desfrutada.

2. O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa os bolseiros poderá propoñerlle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a revogación da bolsa por falta de dedicación ou incumprimento das obrigas sinaladas.

3. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora cando proceda nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A renuncia durante o período de disfrute da bolsa inhabilitará ao seu adxudicatario/a para efectos da presentación na seguinte convocatoria, agás nos casos de forza maior que serán valorados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

#### Artigo 15. *Réxime sancionador*

As infraccións administrativas cometidas en relación coas bolsas reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 16. *Réxime xurídico*

Para todos aqueles aspectos non previstos nas presentes bases aplicarase a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento; a



Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa vixente que resulte de aplicación. Será de aplicación o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoal que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

#### Artigo 17. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Disposición derradeira primeira

Autorízase a directora xeral de Patrimonio Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2013

Xesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO MOBLE GALEGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CT110B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  TELÉFONO MÓBIL  ENDEREZO ELECTRÓNICO

TITULACIÓN ACADÉMICA

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

**DATOS DA BOLSA SOLICITADA**

De acordo coa Orde do DOG núm. \_\_\_\_, do \_\_\_\_\_, pola que se convocan bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego,

**SOLICITA**  
Que sexa admitida a súa solicitude para a concesión dunha das bolsas convocadas no campo de (sinale só unha opción)

MODALIDADE XERAL:	MODALIDADE: licenciados desde 2008
<input type="checkbox"/> Historia	<input type="checkbox"/> Historia da Arte
<input type="checkbox"/> Historia da Arte	<input type="checkbox"/> Arqueoloxía
<input type="checkbox"/> Arqueoloxía	
<input type="checkbox"/> Restauración	

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA**

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do expediente académico	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia da acreditación do curso de iniciación ou equivalente de lingua galega, só no caso de que non o expida a Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia dos méritos alegados presentados en anteriores convocatorias de bolsas de formación en patrimonio moble galego	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente. Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non trascorreron máis de cinco anos desde o financiamento do procedemento a que corresponden.

CVE-DOG: 4vrge4t5-5jr1-qhf4-4fu3-h5zy4vqd2g69





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas solicitadas ou concedidas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si se solicitaron e/ou ten concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.
3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (art. 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
6. Que son certos os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria en que se efectuará o pagamento das axudas, así como que a persoa solicitante é o seu titular.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Decreto 314/1986, do 16 de outubro, polo que se regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma galega.  
 Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.  
 Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en materia de patrimonio mobile galego.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



**XUNTA  
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

